

“Esfórzome en reconciliar o amor polas palabras e as imaxes”

Dende hai seis anos, a escritora e xornalista de FARO Carmen Alonso Villar escribe cada día en X e Instagram un poema que leva aparellada unha imaxe. Un proxecto do que vén de facer unha escolma titulada «Os mil e un días», que mañán sábado presenta en Bueu

[David García](#) Bueu 8 de novembro de 2024

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/11/08/reconciliar-amor-palabras-imaxes-111483189.html>

A Librería Miranda de Bueu súmase ás festas de San Martiño e mañá ás 12.00 h organiza unha presentación literaria. A **escritora e xornalista de FARO Carmen Villar** presentará o seu **fotopoemario «Os mil e un días»**, publicado por Edicións Xerais. A cita será na sala Amalia Domínguez Búa e a autora estará ben rodeada para a ocasión.

—Como xurdiu a posibilidade desta presentación, nunha vila con tanta querencia pola literatura e as presentacións literarias e ademais nunhas datas tan sinaladas?

A boa sona de Bueu como vila acollidora das letras en xeral e o excelente traballo da librería Miranda en particular chegoume nada máis publicar. Nun tempo en que se suceden as novidades, quería un lugar especial para celebrar que o libro superou un ano e atopei a complicidade e xenerosidade de Fernando Miranda e quixo o azar, que goberna as nosas vidas, que a data cadrase coas festas, un motivo máis para gozar da hospitalidade de Bueu.

—O título de “Os mil e un días” pretende ser unha alusión ou xogo coas famosas “As mil e unha noites” de Sherezade?

Así é. Por unha banda, era unha homenaxe aos contos que inventaban os meus avós maternos, Rosario e Felisindo, aos que lles dedico o libro, para me entreter e dos que nunca cansaba. Por outra, quería reflectir que ás veces, como ocorría con Sherezade, a literatura axuda a salvarnos. Porén, ten sobre todo un sentido literal, porque o libro é unha selección de tres anos de traballo e implicou escoller entre un milleiro de poemas.

—Por que o subtítulo de “111 poemas máis 1 para antes da apocalipse”?

A idea de converter os ceros e uns das redes en tinta sobre papel, nun obxecto que puidese tocarse e ulirse, comezou a enredarme cando o coronavirus irrompeu nas nosas vidas. Mentres outras persoas facían pan, eu amasaba poemas. Esa alusión á apocalipse vén por ese lado, pero tamén desoutra máis pequena na que desembocan todas as nosas vidas e que para min debería incitarnos a vivir o mellor que poidamos, atentos á fermosura da realidade que nos rodea. Neste libro intento ollar esa realidade con atención e deixo que me mire tamén e ás veces sorprendémonos unha á outra.

—Como se tece ese fío ou vínculo entre o poema e a imaxe que leva aparelada? Que é primeiro: o poema ou a imaxe?

A regra é que non hai regras, que xa hai regras abondo aí fóra. Ás veces, xorde o poema e incítame a procurar unha imaxe que poida dialogar con el, discutirlle mesmo. Noutras é a imaxe a que me salta diante dos ollos e túrrame das palabras que a completen ou a maticen ou que a desdigan. Ambas, imaxes e palabras apáñoas coma flores dos camiños.

—Amais da escritura, é tamén a autora das fotografías ou trátase de imaxes «prestadas»?

Son a autora, si. Para min son a face e o envés da mesma folla que constitúe o feito poético. “Os mil e un días” só inclúe unha imaxe que non tomei eu, onde aparecemos a miña nai Carmen e máis eu, moi meniña aínda. Con ela ilustro un poema no que tentei ser quen de sintetizar unha persoa tan extraordinaria coma ela.

Unha presentación anterior do poemario “Os mil e un días”, de Carmen Villar, acompañada polo profesor e editor Manuel Bragado, a fiscal de Violencia de Xénero en Pontevedra Paula Cajaraville; e o director de Xerais, Fran Alonso / **José Lorea**

—A unión entre poesía e fotografía é unha forma de rebelarse contra o mantra que di que unha imaxe vale máis que mil palabras?

Fago un esforzo por reconciliar ambos amores. De meniña debuxaba moito e despois fiqui seducida sobre todo pola fotografía, por ese fenómeno que vostede comenta e pola verdade que transmitía. Iso si, antes deste problema da manipulación e das noticias falsas. Pero a palabra sempre estivo aí e fixen dela o meu oficio e en certo momento decateime de que como medios de expresión nunca foran rivais. Ao contrario, poden ser boas compañeiras, como demostra tamén o xornalismo.

—Como foi a escolla dos poemas que forman parte deste fotopoemario?

Complexa. Fíxena da man do profesor da UVigo Benigno Fernández Salgado, un dos responsábeis de que me animase a dar o salto do virtual ao real. Nun primeiro momento pasei eu a peneira para reducir os candidatos a unha terceira parte dos poemas que levaba escritos ata daquela no proxecto fotopoético que desenvolvo nesta etapa en X e en Instagram e despois unha segunda peneira de Beni volveu rebaixalos a unha terceira parte: 111 + 1.

—Defínese como unha filla da emigración, nada en Zurich, a cidade na que estudou Albert Einstein. Seica esa coincidencia inflúe na súa interese pola Física. Explicase así esa teima de “devolver á árbore a maza e derrotar a entropía”, tal como sinala na sinopse do libro.

A Física sempre me interesou. Na adolescencia atraíame un futuro ollando as estrelas, pero a miña vocación pola escrita gañou. Porén, non deixou de fascinarme todo o que a ciencia revela do mundo en que vivimos. Esa entropía é a miña teima particular, porque o tempo só discorre nun sentido e non temos a capacidade de facer que as agullas vaian para atrás nin de recuperar

a xente que amamos cando marcha. Vén sendo o que lle comentaba antes ao falar da apocalipse: non podemos desfacer o feito ou refacer o desfeito nin volver atrás no tempo. Por iso hai que aproveitar a vida e por iso outro poema reza así: “Aproveitar de ti, / vida, / ata as espiñas”.

—Nesta presentación de Bueu vai estar acompañada por algúns compañeiros e mesmo por un cantautor, Álex Monteagudo.

Haberá poesía e imaxes, si, e tamén música, coma en toda boa festa e para non desentonar coa feliz coincidencia coas festas de San Martiño. Haberá palabras, por suposto, pero tamén está pensada, se hai ocasión, unha proxección dun pequeno vídeo feito polo deseñador gráfico e músico Jesús Suárez Ares con fragmentos dos meus poemas e a intervención do cantautor vigués Álex Monteagudo. É un amigo moi querido que case se pode dicir que xirou canda min con este libro e que lle prestará o seu talento e a súa fermosa voz a dous poemas meus e que tamén se animará con algún dos seus preciosos temas propios.